

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 28/11/2019 8:22:49

**SAIDA 12836/19**

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 141/2019**

Correo electrónico:

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 3 de outubro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 3 de outubro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, unha reclamación contra a resolución do Concello de Baiona do 17 de setembro de 2019, notificada con data do 27 de setembro de 2019, pola que se lle concede acceso á información referente ás costas e gastos en procedementos xudiciais do dito Concello.

A reclamante indicaba que solicitou a información por considerar que o concello de Baiona xestionou o diñeiro público dunha maneira irresponsable e remite a información da que dispón como cidadá, que son notas de prensa.

**Segundo.** Con data 11 de outubro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante ao Concello de Baiona para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de outubro de 2019.

**Terceiro.** Con data 22 de outubro de 2019 o Concello de Baiona contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data do 17 de setembro de 2019 déuselle resposta á solicitude, que foi recibida pola interesada con data 27 de setembro; a interesada con data do 25 de setembro reitera a súa solicitude de información que xa estaba contestada.

O Concello informa que na resposta que se lle deu á interesada, se fai constar que o Concello ten contratado o servizo de defensa xurídica na orde contenciosa administrativo, formalizado con data 2 de xuño de 2016, por importe anual de 22.000 € máis IVE do 21 % e outro contrato formalizado con data do 28 de setembro de 2018, por un importe anual de 30.000 €, máis IVE, que cobren todos os procedementos formulados na orde contenciosa administrativo, en calquera instancia.

Respecto ao número de xuízos ganados e perdidos polo Concello, non se lle facilitaba información dado que a mesma non está dispoñible nun documento determinado, e por tanto a súa contestación supoñería a realización dunha acción previa de reelaboración polo que debe inadmitirse en base ao previsto no artigo 18 da Lei 19/2013, do 19 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dado que habería que examinar todos os procedementos xudiciais, por canto non existe unha base de datos informatizada que permita obter esa información.

Respecto da contía das costas en contra do Concello no ano 2019, ascenderon a 363 € e as costas a favor do Concello en 2019, ascendeu a un total de 1.512,50 €.

O Concello considera que non se produciu unha denegación de acceso a información.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder

públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, á interesada notificóuselle a resolución con data do 27 de setembro de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 3 de outubro de 2009, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A interesada solicitou unha información moi concreta: gastos do Concello en xuízos dende 2017, número de xuízos gañados e perdidos polo Concello de Baiona e a canto ascenden as costas dos mesmos.

Do informe do Concello e da copia do expediente remitido, conclúese que a información concedida á interesada é unicamente unha parte e non a totalidade da solicitada.

Se lle informa que o Concello te contratado o servizo de defensa xurídica na orde contenciosa administrativa dende o 2016 a setembro de 2019, pero non se informa si existen ou non gastos de defensa xurídica noutras ordes xurisdicionais (social e penal), polo que o Concello debe facilitar esa información.

Respecto ao número de xuízos ganados e perdidos polo Concello, non se lle facilita información xustificando o Concello que a mesma non está dispoñible nun documento determinado e non existe unha base de datos informatizada que permita obter esa información, e por tanto suporía a realización dunha acción previa de reelaboración polo que debe inadmitirse en base ao previsto no artigo 18 da Lei 19/2013, dado que habería que examinar todos os procedementos xudiciais.

Respecto a este motivo de inadmisión do acceso á información establecido no artigo 18.1 c), o Tribunal Supremo en sentenza do 16 de outubro de 2017, estableceu que calquera pronunciamento sobre as causas de inadmisión establecidas na Lei 19/2013, debe tomar como premisa a formulación ampla e expansiva coa que aparece configurado o dereito de acceso á información na mesma. A Lei 19/2013 recoñece o dereito de acceso á información pública como un auténtico dereito público subxectivo, ao que teñen dereito todas as persoas nos termos previstos no artigo 105. b) da Constitución Española, dereito que pode exercerse sen necesidade de motivar a solicitude e que unicamente pode verse limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos. Esa formulación ampla no recoñecemento e na regulación legal do dereito de acceso á información, obriga a interpretar de forma estrita, cando non restritiva, tanto as limitacións a ese dereito que se contemplan no artigo 14.1 da Lei 19/2013 como as causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas no artigo 18.1.

Respecto do concepto de reelaboración, o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno pronunciouse en numerosas ocasións e a interpretación que realiza da dita dicha causa de inadmisión quedou recollido no criterio interpretativo 7/2015, no que se establece que o concepto de reelaboración, debe entenderse desde o punto de vista literal que reelaborar é volver elaborar algo, e é esta circunstancia a que é esixible para entender que estamos ante un suposto de reelaboración.

Se por reelaboración se aceptase a mera agregación, ou suma de datos, ou o mínimo tratamento dos mesmos, o dereito de acceso á información converteríase no dereito ao dato ou á documentación, que non é o que define o artigo 12 da Lei 19/2013, como concepto de dereito á información. O concepto de reelaboración como causa de inadmisión pode entenderse aplicable cando a información que se solicita, pertencendo ao ámbito funcional de actuación do organismo ou entidade que recibe a solicitude, deba elaborarse expresamente para dar unha resposta, facendo uso de diversas fontes de información, ou

cando o citado organismo ou entidade careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información solicitada. A denegación dunha información por esta causa, que segundo a xurisprudencia debe interpretarse de forma restritiva, debe quedar debidamente motivada na resolución. A reelaboración non pode confundirse cos casos nos que sexa necesario un proceso específico de traballo ou manipulación para conseguila, que podería xustificar no seu caso, unha ampliación do prazo para resolver como establece o artigo 20 da Lei 19/2013.

No presente caso, a resolución ditada polo Concello carece de toda motivación relativa á aplicación da indicada causa de inadmisión, máis alá de argumentar que non dispón dunha base de datos e tería que consultar os expedientes. A solicitude da interesada límitase a pedir o número de xuízos gañados e perdidos polo Concello dende 2017 ata setembro de 2019. O Concello, nin na resolución da solicitude nin no informe remitido á Comisión da Transparencia fai referencia a que exista un elevado número de expedientes, senón que simplemente habería que consultalos para obter a información solicitada. De acordo co anterior, a consulta dos resultados de expedientes xudiciais finalizados dun Concello do tamaño do de Baiona, non xustifica a denegación da información por ser necesario un proceso de reelaboración, polo que debe obterse o dato e proporcionar a correspondente información á interesada.

Respecto da contía das costas xudiciais, o Concello proporciona unicamente as abonadas no ano 2019, pero non as abonadas en 2017 e 2018 que eran obxecto de solicitude, polo que debe tamén proporcionarse esta información.

Dado que a interesada solicitou información sobre canto se gastou o Concello en procedementos xudiciais, a información que se lle remita, deberá comprender tamén, no caso de que se teñan producido, as contías ás que fose condenado a pagar o Concello como indemnizacións ou por calquera outro concepto.

Por último, dado que o Concello resolveu a solicitude fóra do prazo dun mes establecido no artigo 27 da Lei 1/2016, debe lembrárselle que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED] con data 3 de outubro de 2019, contra a Reclamación contra a resolución do Concello de

Baiona do 17 de setembro de 2019, pola que se lle concede acceso á información referente ás costas e gastos en procedementos xudiciais do dito Concello.

**Segundo:** Instar ao Concello de Baiona, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, responda á petición de información solicitada no senso establecido no fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Baiona, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada á reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

76706870F	Firmado digitalmente
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)	por 76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C	Fecha: 2019.11.27 11:28:07 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**